



# MARCAPÁXINAS SOLIDARIOS

15ª Edición - 2023

# FICHA DIDÁCTICA



Save the  
Children



Nome

Solomiia

Idade

9 anos

País

Ucrania

Soño

Soño co final da guerra.

## COÑECE UN POUCO MÁIS SOBRE COMO É A VIDA DE SOLOMIIA

«Soño co final da guerra, todos queremos volver ás nosas casas». A vida de Solomiia, de só 9 anos, é moi diferente da que tiña ata hai só uns meses. Tivo que abandonar a súa cidade natal, Berdiánsk, situada na costa, para trasladarse coa súa familia lonxe das zonas de combate en Ucraína.

O seu maior desexo é que a guerra acabe, unha guerra que cambiou tantas vidas, incluída a súa, para volver ao espazo protexido que era a súa casa. Agora, no Espazo Amigable para a Infancia, onde non só acoden nenas e nenos desprazados polo conflito, mais tamén persoas que xa vivían na zona, fixo novas amizades e pode volver a xogar e estar tranquila, aínda que non é fácil deixar a preocupación atrás: «estou ben aquí, mais pola noite soan as sirenas e non podo durmir. Iso é un problema. Estou preocupada, a miña nai tamén está preocupada».

«Gústame pintar, ver debuxos animados e o meu xogo favorito son as carreiras de relevos. Ó principio pensei que non coñecería persoas novas, mais non foi así, e tamén xogo co meu irmán pequeno».

Nestes espazos que pon en funcionamento Save the Children, as nenas e nenos senten esa protección que perderon, xogan e falan con outras nenas e nenos e, grazas ao persoal especializado, poden comezar a falar do que están a sentir, da súa tristeza e preocupación; falan un pouco sobre o seu fogar, sobre o que senten en falta, falan sobre o feito de querer tornar á casa.

A situación xeográfica de Ucraína converteu o país nunha posición historicamente estratéxica. A guerra que comezou hai xa máis dun ano é apenas un capítulo máis nas tensións que leva sufrindo a poboación e que afecta a milleiros de nenas e nenos. Xa en 2014 a situación empeorou e Save the Children leva traballando no país desde aquelas.

**Coas seguintes actividades** que vos propomos, queremos sensibilizar o voso alumnado ante a situación de desprotección que sofren milleiros de nenas e nenos, que viron as súas vidas cambiar dun día para outro e que non saben cando recuperarán a situación de seguridade que antes tiñan.

**Podedes decorar o marcapáxinas** coas ideas e reflexións expostas na clase por parte das vosas alumnas e alumnos, que poden personalizar os seus marcapáxinas con outras nenas e nenos que sofren as consecuencias dalgún conflito, como forma de contarlles ós seus familiares o que aprenderon e viron na clase.



## OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura a través da historia proposta.
- Coñecer e descubrir o medio que a rodea, establecendo comparacións con outros medios.
- Fomentar ferramentas de investigación.
- Fomentar a lecto-escritura por medio de propostas didácticas.
- Fomentar, poñer en valor e exercer a solidariedade diariamente.

As seguintes propostas están pensadas para seren realizadas segundo a etapa na que se encontre a alumna ou alumno, aínda que podedes adaptalas ao voso grupo como mellor consideredes.



## INFANTIL

A profesora le ou conta a historia de Solomiia ao grupo e pregunta en que lugares eles e elas se senten protexidos. Seguramente digan que na casa ou no colexio, porque son lugares onde os adultos, as súas familias e mestras, os coidan e protexen. Se tivesen que abandonar a súa casa, como tivo que facer Solomiia e moitas outras nenas e nenos porque xa non era segura, sentiríanse tristes e terían medo. Por iso, propomos que o grupo debuxe conxuntamente todo aquilo co que se senten seguros e o vaian comentando.

## PRIMARIA

Se hai uns meses puideses debuxar a casa onde vivía Solomiia, esta non sería moi diferente da vosa. Porén, desde que a tivo que abandonar coa súa familia, non dispoñen dun lugar parecido; pola contra, teñen que compartir casa con outras familias, outras nenas e nenos e xa nada é o mesmo.

Debuxade como é a vosa casa e como credes que é a de Solomiia, cambiou? Ten, como antes, un lugar para ela soa? O seu barrio é diferente? Que hai derredor? E ti?

Imos compartindo as impresións, unha vez debuxados a propia contorna e o de Solomiia e destacamos a importancia de ter un lugar seguro onde sentirse protexidos. Por exemplo, no caso de Solomiia, este está no Espazo Seguro para a Infancia de Save the Children.

Eu vivo...	Ela vive...
------------	-------------

## SECUNDARIA

Cando falamos de protección á infancia ante un conflito bélico, o primeiro que podemos imaxinar é que se intenta trasladar a un lugar onde non estean loitando; e é certo, protexer neste sentido a poboación é parte das responsabilidades gobernamentais. Save the Children actúa a diferentes niveis para ofrecer protección a nenas e nenos en zonas de conflito. Propomos que investiguedes na nosa páxina web para coñeceres en que ámbitos actuamos e por medio de que accións tentamos que se cumpra o dereito universal á protección.

# DI SI Á PAZ

**Sabemos o importante que é educar para resolver conflitos pacificamente e estimular unha cultura baseada no diálogo e a empatía.** Desde Save the Children cremos no alumnado como protagonista da acción, que se mobiliza para mudar o mundo e se forma en valores de solidariedade, respecto e nunha cultura de paz.

**Mobilízate coas túas alumnas e alumnos coas actividades nas que te inscribiches. Precisamos unha marea de colexios que berren con forza un SI Á PAZ.**



**SI TE MOVES,  
O MUNDO MÓVESE**



**Save the Children**